

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10742 *Real decreto 817/2014, do 26 de setembro, polo que se establecen os aspectos puntuais das cualificacións profesionais para cuxa modificación, procedemento de aprobación e efectos é de aplicación o artigo 7.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.*

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación, que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Para isto, crea o Sistema nacional de cualificacións e formación profesional e defíneo, no artigo 2.1, como o conxunto de instrumentos e accións necesarios para promover e desenvolver a integración das ofertas da formación profesional, a través do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, así como a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais, de forma que se favoreza o desenvolvemento profesional e social das persoas e se cubran as necesidades do sistema produtivo.

O artigo 4.1 desta mesma lei establece que o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, como instrumento deste sistema, ordenará as cualificacións profesionais identificadas no sistema produtivo en función das competencias apropiadas para o exercicio profesional que sexan susceptibles de recoñecemento e acreditación.

O artigo 5.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, atribúe ao Instituto Nacional das Cualificacións a responsabilidade de definir, elaborar e manter actualizados o Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Pola súa parte, o artigo 7.2 da citada lei orgánica establece que a actualización permanente do catálogo se realizará logo da consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, de forma que atenda en todo momento os requirimentos do sistema produtivo. Así mesmo, o artigo 9.4 do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, determina que a revisión periódica das cualificacións profesionais, en todo caso, deberá efectuarse nun prazo non superior a cinco anos a partir da data da súa inclusión no catálogo.

O artigo primeiro da Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, polo que se modifica a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, mediante a incorporación do artigo 7.3, incorpora unha nova vía de actualización rápida do Catálogo nacional de cualificacións profesionais na cal se rebaixan as exixencias de aprobación para os casos en que os cambios nos sectores produtivos e no mercado laboral non afecten a competencia profesional definida na cualificación.

Por todo o exposto, faise necesario establecer os aspectos que se consideran puntuais na actualización das cualificacións profesionais e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais e do seu procedemento de aprobación, co fin de axilizar a actualización dos títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade ás necesidades da economía e, por tanto, do mercado laboral.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Xeral da Formación Profesional e o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Emprego e Seguridade Social, e de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de setembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer aqueles aspectos que se consideran puntuais na actualización das cualificacións profesionais e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais e do seu procedemento de aprobación, para os efectos previstos no artigo 7.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Artigo 2. *Modificacións de aspectos puntuais das cualificacións profesionais e unidades de competencia.*

1. Con carácter xeral, enténdense por modificacións de aspectos puntuais de cualificacións e unidades de competencia recollidas no Catálogo nacional de cualificacións profesionais aquelas que non impliquen a ampliación ou redución da competencia xeral recollida na cualificación profesional e/ou aquelas que non modifiquen as funcións ou os procesos produtivos ou de prestación de servizos que definen o conxunto de competencias profesionais establecidas nas unidades de competencia.

2. Consideraranse modificacións de aspectos puntuais de cualificacións profesionais e unidades de competencia as seguintes:

a) Actualización da redacción da competencia xeral, sen que supoña un redimensionamento dela nin implique un cambio no nivel de responsabilidade, complexidade e autonomía do profesional, engadindo ou eliminando funcións, en relación coas unidades de competencia recollidas na cualificación.

b) Modificacións do contorno profesional que permitan completar e clarificar aspectos relacionados coa redacción do ámbito profesional, cos sectores produtivos e coas ocupacións e postos de traballo relevantes, tomando como referencia a Clasificación nacional de actividades económicas e a Clasificación nacional de ocupacións vixentes no momento da súa actualización, así como outra información actualizada dos sectores produtivos, sen que cambie a competencia definida na cualificación profesional.

c) Clarificación da redacción das realizacións profesionais contidas nunha unidade de competencia.

d) Inclusión de realizacións profesionais novas e dos seus correspondentes criterios de realización para dar resposta ás necesidades dos sectores produtivos e o emprego, sen que supoñan cambio nas funcións recollidas nas unidades de competencia.

e) Supresión de realizacións profesionais e dos seus correspondentes criterios de realización para dar resposta ás necesidades dos sectores produtivos e o emprego, sen que supoñan cambio nas funcións recollidas nas unidades de competencia.

f) Actualización da redacción dos criterios de realización incluídos nas realizacións profesionais dunha unidade de competencia.

g) Actualización do contexto profesional da unidade de competencia que non implique cambio nas funcións.

3. Consideraranse modificacións de aspectos puntuais dos módulos formativos asociados ás unidades de competencia aquelas que se deban introducir como consecuencia das realizadas na cualificación profesional, ou nas unidades de competencia que inclúe.

Artigo 3. *Exclusións.*

Non terán a consideración de modificacións de aspectos puntuais as seguintes:

- a) Supresión de cualificacións profesionais incluídas no catálogo.
- b) Fusión de dúas ou máis cualificacións profesionais nunha soa.
- c) Escisión dunha cualificación profesional en dúas ou máis.

- d) Cambios de denominación, nivel e adscrición a unha familia profesional, dunha cualificación profesional.
- e) Cambios de denominación e nivel das unidades de competencia.
- f) Inclusión de unidades de competencia nunha cualificación profesional.
- g) Supresión de unidades de competencia nunha cualificación profesional.
- h) Fusión de dúas ou máis unidades de competencia nunha soa.
- i) Escisión dunha unidade de competencia en dúas ou máis.
- j) Inclusión ou supresión de ocupacións e postos de traballo relevantes cando supoñan a incorporación ou supresión de funcións que cambien a competencia profesional definida na cualificación profesional.
- k) Inclusión ou supresión de realizacións profesionais cando supoñan a incorporación, cambio ou supresión nas funcións recollidas na unidade de competencia.

Artigo 4. Aprobación das modificacións de aspectos puntuais das cualificacións profesionais e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Os titulares dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte, e de Emprego e Seguridade Social aprobarán conxuntamente as modificacións de aspectos puntuais das cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional.

Artigo 5. Efectos das modificacións de aspectos puntuais das cualificacións profesionais e unidades de competencia.

Os ministerios de Educación, Cultura e Deporte, e de Emprego e Seguridade Social adecuarán, respectivamente, os módulos dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade ás modificacións de aspectos puntuais das cualificacións profesionais e unidades de competencia.

O prazo para realizar esta adecuación será de seis meses desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» das respectivas ordes conxuntas do ministro da Presidencia polas cales se aproben as modificacións de aspectos puntuais correspondentes a cada unha das distintas cualificacións e unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase en virtude das competencias que atribúe ao Estado o artigo 149.1.1.^a da Constitución, sobre regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, 149.1.7.^a, sobre lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas e 149.1.30.^a, sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN